Facultade de Ciencias da Educación

Traballo de fin de grao

# A educación política para a superación dos discursos de odio na sociedade

## Unha análise pedagóxica

Iván Fuentes Sánchez

Xuño 2024

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Pedagoxía.

*“La justicia es la única, entre las virtudes, que parece referirse al bien ajeno, porque afecta a los otros; hace lo que conviene a otro, sea gobernante o compañero. El peor de los hombres es, pues, el que usa de maldad consigo mismo y sus compañeros; el mejor, no el que usa de virtud para consigo mismo, sino para con otro; porque esto es una tarea difícil”* (Aristóteles, 1985, p.239)

*“No puede haber camino más ético, más verdaderamente democrático, que revelar a los educandos cómo pensamos, las razones por las que pensamos de tal o cual forma, nuestros sueños, los sueños por los que luchamos, dándoles al mismo tiempo pruebas concretas, irrefutables, de que respetamos sus preferencias aunque sean opuestas a las nuestras”.* (Freire, 1993, p.43)

# INDICE


Resumo

Introdución........................................................................................................................ 1

1. Educación e sociedade civil: promovendo a participación social ............................................... 3

    1.1 Sociedade Civil: Unha breve achega a súa conceptualización............................................... 3

    1.2 Educación e participación: Vías de encontro ....................................................................... 6

    1.3 Política e educación: Ligazóns e diferenzas ......................................................................... 9

    1.4 A construcción da democracia dende a educación: a balanza entre o dereito e o deber.......11

2. A educación política: síntese e consolidación ..............................................................................14

    2.1 Unha achega histórica á educación política: Diferenciando termos.................................... 14

    2.2 A educación política na sociedade contemporánea: Desafíos e alicerces ........................... 16

    2.3 O pensamento crítico como base de construcción do coñecemento.................................. 18

3. Os discursos de odio: previr desde a pedagoxía ...................................................................... 20

    3.1 Orixe, evolución e tipificación do concepto ...................................................................... 20

    3.2 Os discursos de odio no marco lexislativo......................................................................... 22

    3.3 Os discursos de odio nos contextos educativos. Entendendo a problemática.................... 23

    3.4 A educación política como prevención dos discursos de odio ........................................... 26

4. A educación política e a xestión dos discursos de odio: Unha revisión sistemática .................... 28

    4.1 Introducción ..................................................................................................................... 28

    4.2 Metodoloxía ..................................................................................................................... 29

    4.3 Resultados e discusión ..................................................................................................... 31

Conclusión.......................................................................................................................... 34

Referencias......................................................................................................................... 36

Anexos

## Resumo

O planeta terra no s. XXI parece estar enfermo. Guerras, epidemias, recesións, crise climática, cuestionamento da democracia, aumento dos discursos do odio… Un conxunto de afeccións que fan que o futuro das sociedades que habitan o globo terráqueo vexan ameazadas a súa existencia por mor da súa propia acción. Cando a idea de enfermidade aparece, inevitablemente, tamén o fai a idea da cura. ¿É a educación a cura da enfermidade do s. XXI? O certo é que aquel que pretenda que a educación revirta esta tendencia de pesimismo sen a axuda de outros axentes sociais que teñen calado na comunidade estará pecando de idealista. Pero quizáis si que é o momento de comezar a limpar determinadas feridas superficiais e a poñer sobre a mesa que é preciso preocuparse pola saúde se non queremos perder o humanismo. Unha das formas de acción social máis efectivas e transformadoras que coñecemos é o cultivo e promoción da Sociedade Civil; un signo de saúde comunitaria. No presente traballo preténdese ampliar coñecementos sobre un concepto certamente polémico polas súas connotacións históricas e contextuais: a educación política. A través dunha revisión sistemática guiada polo protocolo PRISMA e de unha reconceptualización do termo preténdese responder a unha serie de preguntas que poden indicarnos si esta proposta pedagóxica é axeitada para recuperar a senda da convivencia pacífica e do estado de benestar. En definitiva, entre as principais conclusións destacamos que a literatura existente sobre un enfoque pedagóxico da política é insuficiente para afirmar que existe unha correlación entre a educación política e accións que contribúan a diminuír os discursos do odio. Por outra banda, tamén se pretende abrir un debate sobre a presenza (ou non) noutros enfoques académicos.


Palabras clave: Educación Política, Democracia, Sociedade Civil, Revisión Sistemática, Pedagoxía


## Resumen

El planeta tierra en el s. XXI parece estar enfermo. Guerras, epidemias, recesiones, crisis climática, cuestionamiento de la democracia, aumento de los discursos de odio… Un conjunto de condiciones que hacen que el futuro de las sociedades que habitan el globo vea amenazada su existencia por culpa de su propia acción. Cuando aparece la idea de enfermedad, inevitablemente, también aparece la idea de curación. ¿Es la educación la cura para la enfermedad del s. XXI? Lo cierto es que quien quiera que la educación revierta esta tendencia de pesimismo sin la ayuda de otros agentes sociales que guardan silencio en la comunidad estará pecando de idealista. Pero quizás sea el momento de empezar a limpiar ciertas heridas superficiales y de poner sobre la mesa que hay que preocuparse por la salud si no queremos perder la humanidad. Una de las formas de acción social más efectivas y

transformadoras que conocemos es el cultivo y promoción de la Sociedad Civil; un signo de salud comunitaria. En este trabajo se pretende ampliar el conocimiento sobre un concepto ciertamente controvertido por sus connotaciones históricas y contextuales: la educación política. A través de una revisión sistemática guiada por el protocolo PRISMA y una reconceptualización del término, se pretende responder una serie de interrogantes que puedan decirnos si esta propuesta pedagógica es adecuada para recuperar el camino de la convivencia pacífica y el estado de bienestar. En definitiva, entre las principales conclusiones destacamos que la literatura existente sobre un enfoque pedagógico de la política es insuficiente para afirmar que existe una correlación entre educación política y acciones que contribuyan a reducir el discurso de odio. Por otro lado, también se pretende abrir un debate sobre la presencia (o no) de otros enfoques académicos.

Palabras clave: Educación Política, Democracia, Sociedad Civil, Revisión Sistemática, Pedagogía

## Abstract

The planet Earth in the 21st century seems to be sick. Wars, epidemics, recessions, climate crisis, questioning of democracy, increase in hate speech... A set of conditions that threaten the future of societies inhabiting the globe due to their own actions. When the idea of illness arises, inevitably does the idea of a cure. Is education the cure for the illness of the 21st century? The truth is that anyone who expects education to reverse this trend of pessimism without the help of other social agents deeply rooted in the community will be idealistic. But perhaps it is time to start healing certain superficial wounds and to address the need to care for health if we do not want to lose humanism. One of the most effective and transformative forms of social action we know is the cultivation and promotion of Civil Society; a sign of community health. This work aims to expand knowledge on a concept certainly controversial due to its historical and contextual connotations: political education. Through a systematic review guided by the PRISMA protocol and a reconceptualization of the term, we aim to answer a series of questions that can indicate whether this pedagogical proposal is suitable for recovering the path of peaceful coexistence and well-being. In conclusion, among the main findings, we highlight that the existing literature on a pedagogical approach to politics is insufficient to claim that there is a correlation between political education and actions that contribute to reducing hate speech. On the other hand, it also aims to open a debate on the presence (or absence) in other academic approaches.

Key Words: Political Education, Democracy, Civil Society, Systematic Review, Pedagogy

## Introducción

O futuro das sociedades democráticas está hoxe máis que nunca cuestionado. As recentes guerras con foco en Europa, as crecentes tensións xeopolíticas así como o impacto dos usos perniciosos das tecnoloxías, entre outros moitos condicionantes, son o caldo de cultivo para unha sociedade gobernada polo medo e os prexuízos (Baños, 2022). Ante nós preséntase o reto de artellar estratexias e iniciativas que encaucen a civilización no rumbo dun mañá próspero e digno.

Os estados europeos son entidades políticas tensionadas por dinámicas históricas que inflúen no seu desenvolvemento (Santos & Lorenzo, 2007). Problemáticas que se consideraban extinguidas emerxen de novo poñendo a proba a integridade daqueles axentes que se encargan de cumprir os estándares de calidade e a as expectativas da cidadanía. Entre tales axentes, a Universidade como institución social ao servizo dos cidadáns xoga un papel fundamental á hora de construír cidadanía. Dende este ámbito, é preciso que con celeridade se empece a deseñar as propostas e iniciativas que o coñecemento científico pode aportar para despolarizar as sociedades.

Educación e sociedade civil son dous termos que gardan unha estreita relación na construcción das sociedades democráticas, actuando como conceptos chave á hora fixar metas sociais relacionadas con propósitos de igualdade e benestar, como é a diminución da presenza de discursos de odio na sociedade. Segundo Santos & Lorenzo (2007) a Universidade xoga un papel cardinal na construcción de cidadanía democrática polos seguintes motivos:

- Posue persoal técnicamente formado e preparado para cada unha das ramas do coñecemento.
- É coñecedora dos retos contemporáneos e da nececesidade de cooperar para estar á a altura das circunstancias.
- Está en posición de promover intervencións íntegras máis alá das funcións académicas.

Enténdese así que a Universidade e, concretamente, as facultades de Educación son axentes que deben asumir o liderado da construcción dunha cidadanía activa e da promoción dun modelo de goberno democrático que faga posible a seguinte fórmula:

**Figura 1**

*A fórmula da Universidade para a calidade do estilo de vida asociado*




*Nota.* A figura representa a dobre función que pode cumprir no fortalecemento da Sociedade Civil a través da formación competencial e da súa oferta de servizos.

Istos son solo algúns dos motivos que se poden recoller- o seu estudo en profundidade podería ser obxecto dun traballo máis amplo- para xustificar que a relación educación-sociedade civil son dúas cuestións que debemos analizar con máis detemento para comprender como a Educación Política (de aquí en diante EP) pode aportar fórmulas que contribúan ao fortalecemento da sociedade civil e, á súa vez, á saúde comunitaria.

Como membros da comunidade universitaria e futuros profesionais da educación é fundamental que se leven a cabo publicacións de esta índole como unha introducción a futuras intervencións educativas. Sendo o deber técnico a motivación deste escrito, trataremos de recoller as ideas que existen na literatura pedagóxica que definen a EP na actualidade para plantexala como posible ámbito de intervencion educativa para resolver problemáticas sociais tales como os discursos do odio. Para conseguilo, dividirase o traballo en unha primeira parte máis teórica e narrativa e outra (capítulo 4) que seguirá a metodoloxía PRISMA e que pretenderá proporcionar conclusións valiosas para o gremio científico.

Examinarase, a continuación, os conceptos de sociedade civil, participación, educación e política para poder visualizar como as relacións que se establecen entre eles son relevantes para os obxectivos deste traballo.

## 1. Educación e sociedade civil: promovendo a participación social

### *1.1 Sociedade Civil: Unha breve achega a súa conceptualización*

Para falar de sociedade civil é preciso que primeiro se defina cal é o concepto de democracia co que se traballará neste escrito. Entwistle (1980, p.16) define a democracia como o sistema de goberno mediante "la participación directa, activa y continua de los ciudadanos en el gobierno mediante la discusión y la voluntad de contribuir de manera responsable a la aplicación de las decisiones políticas". O mesmo autor remarca que esta conceptualización de democracia é utópica, posto que o gran Estado-Nación globalizado desenvólvese nuns termos distintos á pequena Cidade-Estado grega.

Dende a instauración da democracia nas sociedades occidentais apareceron diversas miradas críticas cara as mesmas que poñen en entredito o seu funcionamento, desligándoo e diferenciándoo do ideal democrático clásico. As democracias actuais non se operativizan cumprindo os criterios da definición aquí recollida. Ao contrario, afírmase que os cidadáns contemporáneos xogan un rol silencioso e pasivo ante un goberno no cal solo se decide o partido que goberna, sen formar parte directa do proceso de elaboración e aprobación de leis e políticas (Entwistle, 1980).

Entre os problemas da democracia representativa, podemos destacar os abusos de poder, as inxerencias na xustiza, o nepotismo, a prevaricación, os casos de corrupción e a desconfianza nos líderes políticos. Así o recolle Baños (2022) que, sendo obxecto de polémicas, é un dos principais divulgadores do movemento crítico co sistema de goberno español actualmente. Para él, a situación política contemporánea en España degrada a esfera pública e educativa dexenerando en populismo e na aparición de líderes providenciais que aportan solucións máxicas e simplistas para problemas complexos.

No fondo, a resposta a esta cuestión parece residir en intentar igualar as relacións asimétricas mediadas polo poder. Rousseau, no seu ímpetu por desencifrar o enigma da desigualdade humana, situaba como responsables á transición da vida salvaxe á vida social e á aparición da propiedade privada, posto que neste proceso

> "el salvaje vive en si mismo; el hombre sociable, siempre fuera de sí no sabe vivir más que en la opinión de los demás, y por así decir, es del solo juicio ajeno de donde saca el sentido de su propia existencia" e, consecuentemente, "en medio de tanta filosofía, humanidad, educación y máximas sublimes, no tenemos más que un exterior engañoso y frívolo, honor sin virtud, razón sin sabiduría y placer sin dicha"(Rousseau, 2014,p.151.)

Coinciden relativamente ambos análisis nas súas conclusións a pesar de ser realizados dende lentes e contextos históricos moi diferentes. ¿Será que o ser humano en tanto que membro dunha sociedade está condenado á degradación moral a través dos abusos de poder e da desigualdade?¿É o egoísmo a máxima moral do ser humano independentemente do contexto e dos valores que se lle transmitan ás persoas? ¿Como abandoar o sendeiro da posverdade que nubla a obxectividade necesaria para poder conseguir unha sociedade xusta, igualitaria e libre?

Ante este estado das cousas, eríxense alternativas de goberno que intentan dar resposta as problemáticas aquí descritas que poñen ao cidadán no centro da actividade. Aparecen así termos como asociacionismo e sociedade civil. A sociedade civil é un concepto complexo que foi obxecto de estudo de moitos/as ilustres académicos/as e intelectuais. O estudo da sociedade civil remóntase ás primeiras articulacións do concepto de democracia. Platón e Aristóteles, coas súas obras "*La República*" e "*Política*", respectivamente, introducen as primeiras nocións de sociedade civil (Luzuriaga, 1993), a pesar de non mencionala tal e como se entende hoxe en día. Coa caída da democracia ateniense, non sería ata a Idade Moderna coa aparición do concepto de contrato social cando recobraría unha importancia similar da man da obra de Locke e Hobbes e a súa posterior consolidación grazas aos autores ilustrados, especialmente aos franceses Rousseau e Tocqueville (Bowen, 1992).

Sería na xa mencionada transición da vida salvaxe do ser humano á vida en sociedade na cal se conceptualizaría o contrato social. A familia é a unidade política máis antiga que existe, presente dende os albores da humanidade. A familia servía aos primeiros homínidos para aumentar as posibilidades de supervivencia, aportando elementos como o alimento, a protección ou a descendencia. O contrato social aparece cando as familias comezan a convivir formando comunidades e as circunstancias circunscriben unha serie de obstáculos que superan as forzas que cada individuo pode empregar para sobrevivir en él. Establécese así unha relación de simbiose na cal os individuos se asocian de xeito que se asegura a conservación do "eu" e de cada asociado a través de actividades comúns e dirixidas (Suárez-Íñiguez, 1997).

Este modo de vida asociada mantense ao longo das diferentes civilizacións que viven en comunidade variando as súas normas, prácticas e criterios pero sempre mantendo ese contrato común a todos os seus membros (coas particularidades que definen a cada sociedade). Coa aparición dos valores ilustrados, preténdese empregar o concepto de contrato social como un elemento subordinado á democracia. Por isto, establécese que o contrato social dunha sociedade xusta, igualitaria e libre debe cumprir as seguintes condicións (Bowen, 1992):

- A súa natureza debe ser mutuamente aceptada, non coercitiva.
- O seu contido é renovable e negociable.
- É preciso ter leis que harmonicen os dereitos e deberes dos membros da sociedade.
- Ditas leis deben ser reforzadas pola propia sociedade.
- A educación é a ferramenta idónea para reproducir o contrato social.
- Forman parte del todos os axentes da sociedade.
- As inclinacións individuais estarán subordinadas á vontade xeral e ao ben común de todas as partes.
- A sintonía destas condicións conduce á xustiza.

A cosmovisión dos filósofos contractualistas sentaron os precedentes para a creación das primeiras cartas fundacionais e constitucións democráticas e os estados de benestar.

Escámez (2008) define a sociedade civil como o conxunto organizado de cidadáns que poñen en común e xeran proxectos de accións colectivas para solucionar problemas que son mutuos e alcanzar metas compartidas de desenvolvemento. É, polo tanto, a esfera pública o seu ámbito de actuación. Forman parte da sociedade civil as ONGs, asociacións e fundacións, sindicatos e gremios, entidades relixiosas, asociacións veciñais, grupos de voluntariado, plataformas de mobilización social e outras redes cidadás.

Para que a sociedade civil poida alcanzar os seus obxectivos, é preciso que existan unha serie de valores que aloumiñen cal é o camiño e a forma de proceder e que actúen como nexo para o entendemento entre individuos, grupos sociais e culturas. Cortina (1998) sinala que para cumprir cos estándares da sociedade civil é preciso unha ética pública que se referiría a un modo de ser ou carácter forxado a partir do aspecto determinista humano (biolóxico e social) e da historia de aprendizaxe da interacción entre humanos. Isto implica un exercicio previo de discriminación de valores, considerando os mencionados condicionantes para discernir entre o vicio e a virtude. Contruíndose unha ética de tal xeito, promoveríase o ben común que, á súa vez, non deixaría de ser o conxunto de intereses compartidos entre os individuos polos cales acordan coordinarse e cooperar.

O ser humano diferénciase do resto de especies posto que a súa condición só ten sentido comprendida no papel que xoga no grupo en tanto que individuo. Un grupo no cal leva a cabo unha labor, un traballo e unha acción; desenvolvemento biolóxico a través da satisfacción das necesidades vitais, desenvolvemento “artificial” a través da creación de bens e

desenvolvemento "moral" a través da creación de significado. Enténdese pois, que a sociedade civil non só beneficia a vida das persoas, senón que é unha necesidade vital para os individuos (Arendt, 2020).

Para concluír, non se pode ignorar o papel que xoga a educación no artellamento dunha sociedade civil íntegra. Os pretendidos valores chave que posibilitan o entendemento do "eu" co "outro" e, consecuentemente, a funcionalidade da sociedade civil, adoitan relacionarse dende a literatura pedagóxica coa competencia intercultural. A competencia intercultural é reflexo de un proxecto educativo contextualizado orientado a cubrir as necesidades que a sociedade multicultural determina. Brevemente, podese mencionar que o máis relevante que a competencia intercultural proporciona en relación ao presente traballo son os seguintes aspectos (Mushi, 2004):

- Comprensión das diferentes culturas e as visións do mundo asociadas a elas.

- Formas prácticas de interacción en contextos multiculturais cara unha pretendida igualdade de oportunidades cara aquel cunha cultura minoritaria.

- Flexibilidade e respeto ante o diferente.

- Adquisición de subcompetencias comunicativas, sociais e cívicas.

Posibilítase así a construcción dunha sociedade civil na cal exista unha participación equitativa cuxas relacións sexan establecidas dende a simetría fáctica en lugar que dende a interacción xerarquizada entre cultura dominante-cultura minoritaria. En palabras de Escámez (2008, p.89)

> "la responsabilidad personal exige la transformación de los escenarios sociales en los que se producen las relaciones reales de las personas y las condiciones políticas y económicas que provocan la injusta marginación y exclusión de individuos, de colectivos y de comunidades enteras".

### *1.2 Educación e participación: Vías de encontro*

Para coñecer o punto de encontro entre educación e participación e cal é o papel que esta relación xoga na EP, cómpre definir primeiramente que entendemos por participación no eido das ciencias sociais e, concretamente, da pedagoxía. Martínez et al. (2023, p.14) definen a participación como aquela "acción social comprometida con la formación de sujetos capaces de cambiar el mundo y no solo de reproducirlo" na cal se produce "una transición de una posición de paciente a agente de los procesos sociales y comunitarios en los que se ve involucrado, racionalmente motivado a intervenir en las deliberaciones públicas, desterrando su rol de simple espectador" e polo cal se considera como "una práctica política que se dirige

específicamente al cambio de las relaciones de poder, en la perspectiva de hacerlas más horizontales, más dialógicas y, por consiguiente, más democráticas".

Volvendo a recurrir á definición de democracia que Entwistle (1980, p.16) emprega como o sistema de goberno mediante "la participación directa, activa y continua de los ciudadanos en el gobierno mediante la discusión y la voluntad de contribuir de manera responsable a la aplicación de las decisiones política" parece axiomático afirmar que participación e democracia non poden entenderse por separado no marco dun estado que augura a harmonía dos seus membros. Baixo os criterios de definición de ambos conceptos non podemos concebir, na procura dunha sociedade digna, unha participación que non sexa democrática e unha democracia sen participación.

Para Touriñan (2014) educar significa que cada persoa desenvolva uns valores derivados do significado do concepto de educación empregando áreas culturais que lle permitan adquirir unha serie habilidades cognitivas, procedimentais e actitudinais que fagan posible decidir e realizar o seu proxecto de vida contruíndose a sí mesmos. Desta definición pódese extraer como consecuencia lóxica que a educación debe producir persoas autónomas, pois dita condición está intrínseca nas acción "decidir", "realizar" e "construirse a si mismo". Ante este principio cabe preguntarse. ¿Pode alguén decidir un proxecto de vida ou construírse a si mesmo sen un coñecemento básico dos procesos políticos que gobernan o seu entorno próximo? ¿Pode unha persoa actuar democraticamente (condición necesaria para vivir nunha sociedade democrática, valga a redundancia) sen ser educada nos valores democráticos? En outras palabras, ¿pode unha persoas actuar democraticamente sen ser educada nos valores dunha participación democrática e unha democracia participativa?

Ante o plantexamento de tales interrogantes compréndese que de igual xeito que non se pode separar participación e democracia ocorre coa educación. Agora ben, ¿que implicación ten esta relación conceptual na práctica educativa? Primeiro, débese comprender que o que aquí se está dicindo, no plano discursivo, non ten unha transferencia fiel á realidade. A relación conceptual aquí descrita pretende dilucidar os criterios de idoneidade relacional entre educación-participación. Pero a realidade é que, se temos en conta os criterios que establece a definición de democracia que se inclúe neste traballo, nin a nosa democracia é perfecta (democracia participativa vs democracia deliberativa) nin a participación é unha práctica maioritaria (participación democrática vs desinterese político/sociocomunitario) nin a educación traballa por acadar a súa función democratizadora de xeito efectivo (educación democrática vs educación utilitarista). Sotelino et al. (2019) sinalan tres factores que condicionan notablemente a participación cidadá:

- Recursos socioeconómicos: Nivel educativo e ingresos.

- Posición social e experiencias vitais: Clase social, ocupación profesional, idade, xénero, situación familiar, etc.
- Integración na comunidade: Creenzas e costumes relixiosas, procedencia, estratexias de socialización e tempo de pertenza a dita comunidade.

En relación co anterior, cabería preguntarse tamén se dende a administración pública se poñen en marcha as medidas necesarias para promover unha participación harmonizada que contemple as limitacións comentadas ou se este modelo de goberno interesa aos grupos de presión que posúen o poder económico, político e mediático. Pero responder a esta incógnita non corresponde a este traballo.

Co obxectivo de crear evidencia empírica de que a relación educación-participación (democráticas) son beneficiosas tanto en termos educativos como sociais e políticos, a literatura sinala a metodoloxía activa de Aprendizaxe-Servizo (service-learning) como unha proposta coherente e factible. Para consultar os rasgos distintivos desta metodoloxía *ver Anexo 22.*

Seguindo a liña do ApS como oportunidade de conxugar educación e participación, non se debe ignorar o papel que xogan as entidades cívico-sociais nun bo impacto desta proposta pedagóxica. Segundo Sotelino et al. (2019) non son só os estudantes os destinatarios do ApS en tanto que persoas que aprenden, senón que tamén o son as entidades e os seus membros (habitualmente pertencentes ao terceiro sector) en tanto que colaboran e reciben un servizo. En dito proceso as entidades xogan un papel activo e configuran- xunto coa escola e universidades- o proceso formativo dos educandos, contribuíndo a un aprendizaxe máis íntegro e significativo. As entidades cívico-sociais teñen a capacidade que dende o ámbito académico non se pode acadar, que é a de ofrecer unha visión práctica contextualizada dos diferentes ámbitos laborais.

Existen máis proposta pedagóxicas que reflexan unha preocupación crecente da sociedade por poñer remedios a unha educación que se revela como incompleta e insuficiente. Enumeraremos dúas máis que, ao meu xuízo, son dúas das máis relevantes no contexto español e as que mellor reflexan os nexos entre educación e participación. Son as propostas de Cidades Educadoras e as Comunidades de Aprendizaxe (Caride & Pose, 2019; Caballo & Castro, 1995).

O proxecto das Cidades Educadoras nace formalmente en 1994 coa constitución da AICE (Asociación Internacional de Cidades Educadoras) e inspírase na Carta de Cidades Educadoras. Esta iniciativa defende que a educación é algo máis que a escola e que a cidade ten a obriga de ser un axente educador máis, igual ou máis importante que a educación formal.

Supón transformar a cidade en ámbito de educación. O proxecto de Comunidade de Aprendizaxe, pola súa parte, baséase na interacción e na participación da comunidade na escola (Fernández & Lozano, 2017). As tres iniciativas aquí mencionadas non deixan de ser un reflexo claro de cal é a orientación da educación de cara o futuro. Son o síntoma dunha sociedade civil organizada e preocupada polas cuestións que afectan aos seus membros, a cidadanía.

### *1.3 Política e educación: Ligazóns e diferenzas*

Considero que a relación que existe entre política e educación debe ser entendida en dous sentidos: a relación da educación e política a través do goberno por parte das institucións estatais, rexionais e locais (administracións públicas, leis educativas, decretos, normativas, etc.) e a relación da educación e política como exercicio activo da cidadanía (asociacións civís, iniciativas sociais, civismo, etc.). Ambos sentidos concrétanse, respectivamente, na política educativa, por un lado, e na EP, polo outro.

A relación da educación coa política educativa.

O primeiro sentido desta relación ven determinado (os factores que se mencionar inflúen en gran medida na elaboración de políticas educativas), nun contexto de globalización, polas características das liñas estratéxicas de desenvolvemento das principais potencias políticas e económicas a nivel mundial. Para Carrasco & Carrasco (2022) dende a década dos 60, os diferentes países e nacións do mundo sufriron cambios que fixeron que as políticas de fortalecemento e expansión do estado de benestar mudaran a favor das de desregulación do mercado a escala global. Dito proceso conlevou irrevocablemente a unha tensión constante entre estado e mercado, os cales difiren habitualmente nos seus intereses. Isto é o mesmo que admitir a irrupción e a consolidación das consignas neoliberais nas fórmulas de goberno.

A educación e o sistema educativo, como ámbitos de interese político, non escapan ás tendencias que se veñen expandindo. É tal a proliferación das ideas neoliberais na educación que o seu discurso é visto como condición natural e normal da humanidade, provocando que concepcións alternativas da educación e da vida se descarten por non cumprir cos estándares do mercado. En palabras de Díez (2018, p. 11)

> "(La universidad) no solo se está convirtiendo en una empresa que hace caja por todo, sino que paga cada vez más precariamente a su profesorado, privatiza y comercializa su propia entidad, su espacio público y su conocimiento, y cada vez se hipoteca más

> en manos de financiación privada, que impone sus logotipos y promueve cátedras que responden a los intereses de quienes la patrocinan".

Di, o mesmo autor, que esto débese a que os grandes lobbies neoliberais comprenderon a proposta gramsciana: "si eran capaces de controlar la mente de la gente, su corazón y sus manos también serían suyos" (2018, p. 13).

Ante o estado das cousas, implántase unha pedagoxía neoliberal sustentada na cultura do esforzo, no individualismo, na privatización da educación, na prevalencia das esixencias do mercado (e o impacto que isto ten no currículum escolar), na competitividade, na rentabilidade, na estandarización, na constante innovación (necesidade para poder ser "competitivos") e, finalmente, na creación dun neosuxeito (suxeito neoliberal ou postcapitalista) (Díez, 2018).

Pero dende a literatura pedagóxica a preocupación pola tendencia neoliberal da educación non é exclusivamente actual. O propio Dewey (2020) criticaba unha organización escolar que compartimentaba o coñecemento en diferentes elementos como si de sustancias inconexas se tratatase debido a unha orientación excesiva cara a o mercado laboral. Indignadamente Dewey afirma:

> "Los negocios son negocios, la ciencia es ciencia , el arte es arte (...) y así sucesivamente. Cada uno posee una provincia separada e independiente con sus propios y peculiares fines y modos de proceder. (...) Todos ellos juntos constituyen la totalidad de la vida sólo por yuxtaposición y adición. ¿Qué se espera de los negocios sino que proporcionen dinero, el cual ha de emplearse para hacer más dinero y para sostenerse a sí mismo y a la familia (...)?" (p. 212).

Esta organización é antinómica cos obxectivos educativos (refórzase a idea de que estado e mercado teñen intereses diferentes), posto que deixa de lado unha visión integral da educación. Dewey lanza unha serie de interrogantes ao lector que denotan perfectamente a mencionada contradicción.

> "¿Cómo el arte, la ciencia y la política se reforzarán unas a otras en un estado espiritual enriquecido en vez de construir finalidades perseguidas unas a expensas de otras?¿Cómo pueden los intereses de la vida y los estudios que los refuerzan enriquecer la experiencia común de los hombres, en lugar de separar a los hombres entre sí?" (p. 212).

A relación da educación coa E.P.

Facendo referencia ao segundo sentido que se mencionaba anteriormente da relación entre educación e política como exercicio activo da cidadanía recorreremos aos catro criterios que Esteve (2010) considera claves para diferenciar a educación de outros procesos de influenza como poden ser o aprendizaxe, a manipulación ou o adestramento:

1. Criterio de contido: Só son educativos aqueles contidos moralmente irreprochables. Non é educativo ensinar a roubar, por exemplo.

2. Criterio de forma: Só son educativos aqueles aprendizaxes que respectan as liberdades e a dignidade do que aprende.

3. Criterio de uso: Só son educativos aqueles aprendizaxes que sirvan para que o que aprende cree un esquema conceptual propio. É dicir, que o educando interiorice a información e sexa capaz de transferila ao seu día a día.

4. Criterio de equilibrio: Só son educativos aqueles aprendizaxes que non desembocan na inestibilidade da persoa. É dicir, todo aprendizaxe realizado dende un sentido de proporcionalidade e dende o sentido común.

O coñecemento sobre política, en tanto que ámbito cultural, está suxeito a ser valorado axiolóxicamente como educativo (Touriñan, 2014). Se ademais, froito do análise das necesidades socioeducativas, comprendemos que a EP é finalidade extrínseca e intrínseca da educación derivado da súa conxunción co carácter e sentido propios do significado de educación, podemos enfatizar o valor pedagóxico da EP. Enténdese, pois, que unha EP que se adapte aos criterios de contido, forma, uso e equilibrio do concepto educación, significando isto en diferentes formas de intervir (educación formal, non formal e informal) constitúe unha relación significativa para o análise pedagóxico. A primeira parte deste traballo céntrase en recoller os elementos básicos do marco conceptual do nexo política-educación en tanto que EP.

### *1.4 A construcción da democracia dende a educación: a balanza entre o dereito e o deber*

Ao longo da formación como profesional da educación, unha das dúbidas máis recorrentes que pode aparecer nun mundo onde imperan innumerables lecturas da realidade e normas subxectivas, é cal pode ser o marco de referencia para xulgar os acontecementos sociais da forma máis obxectiva e técnica posible para os pedagogos/as. Aínda que se trata dunha misión complexa, unha das respostas máis coherentes que se poden encontrar son os Dereitos Humanos.

Pódense definir os Dereitos Humanos como un conxunto de demandas éticas que serven para producir as correspondentes demandas políticas. Estas demandas éticas nacen como unha consecuencia do desenvolvemento do estudo do concepto de dignidade humana. Atópanse

defendidos a nivel internacional por organismos como a ONU, Amnistía Internacional ou a UNESCO así como a nivel nacional a través das diferentes constitucións, que é onde maior impacto teñen en termos de transferencia á realidade de cada individuo (dereitos constitucionais) (Santos Rego, 2013).

Con todo, é importante que se teña en conta que non todos os Dereitos Humanos recollidos na Declaración son catalogados da mesma forma. Existen criterios como o orixe, contido, titularidade, desenvolvemento histórico e función que establecen diferenzas entre os dereitos e, a súa vez, inflúen na imaxe que a sociedade ten sobre eles e na reacción social cando algún deles non se respecta (Rabossi, 1990). Unha das clasificacións máis habituais empregada en materia de dereitos é a resumida por González (2008).

- Dereitos de primeira xeración: Dereito á vida, integridade física e moral, dignidade, xustiza, igualdade, liberdade, participación política, sufraxio universal, libre asociación…Son coñecidos como dereitos políticos e civís.
- Dereitos de segunda xeración: Dereito á propiedade individual e colectiva, a seguridade económica, alimentación, traballo, seguridade social, salario xusto e equitativo, descanso, sindicalización, folga, saúde, vivenda, educación, acceso a cultura, ciencia… Son coñecidos como os dereitos económicos, sociais e culturais.
- Dereitos de terceira xeración: Dereito á paz, desenvolvemento económico, libre determinación dos pobos, medio ambiente san, patrimonio cultural, xustiza transnacional, consumidor, dos nenos, dos anciás… Son denominados tamén como dereitos da solidariedade.
- Dereitos de cuarta xeración: En este caso, non existe un gran consenso sobre os dereitos que se enmarcan en este nivel. Algún autores sosteñen que os dereitos de cuarta xeración son dereitos pensados dende o desexo de un futuro mellor que o presente, mentes que outros como (Aguirre & Manasía, 2015) indican que non son máis que os dereitos das anteriores xeracións adaptadas a actual sociedade dixital.

Tamén é interesante incluír a diferenciación entre dereitos naturais e positivos, os primeiros asociados a características inherentes a existencia humana (vida, liberdade) e outros vinculados ás cartas fundacionais e constitución dos países (educación, traballo) (Nieves, 2015).

Pero falar de dignididade humana tamén implica falar de deberes. Isto explícase de xeito sinxelo se temos en conta que asegurar o cumprimento dos dereitos humanos é en primeira instancia responsabilidade do estado, pero tamén é preciso que as entidades que forman o estado (individuos, asociacións civís, empresas, partidos políticos, etc.) formen parte do compromiso coa dignidade humana. (Santos Rego, 2013).

Sant'Ana (2014) define os deberes como aquelas obrigacións que teñen todas as persoas como unidade fundamental dunha sociedade ou comunidade, co fin de que a convivencia en consonancia coas consignas éticas da dignidade humana sexa posible. Son, polo tanto, un conxunto de responsabilidades sen as cales o cumprimento dos imperativos morais que sustentan os dereitos humanos non sería posible e, polo tanto, desembocaría nun incumprimento parcial ou total dos mesmos.

Isto implica necesariamente que se se desexa o respecto duns dereitos é condición indispensable o cumprimento duns deberes e, así, esta relación fundaméntase en principios de reciprocidade e solidariedade: A respecta a B por que existe unha norma non escrita (o deber) de que ambos se respectaran e tamén A axuda a B en situacións de necesidade por que así se espera que actúen con él. Santana (2014) insiste en sinalar que a influenza dos valores neoliberais provocou o rechazo de outros como a soliderariedade e unha asociación que parece permanente entre "deber" e formas de goberno autoritaria.

Solo é posible respectar a dignidade humana a través dun contrato social no cal dereitos e deberes ocupen un peso proporcional. Unha preponderencia dos dereitos sobre os deberes construirá unha sociedade irresponsable e infantilizada, mentras que a preponderancia de deberes sobre dereitos, unha sociedade escrava e sometida. Poderíase considerar axiomático que para que exista un respecto adecuado dos dereitos humanos é imprescindible forxar unha sociedade colaborativa e cooperativa, a través da mencionada participación política organizada por medio da sociedade civil.

Neste senso, a educación xoga un papel fundamental na formación das persoas. A educación para a construción de democracia debe xogar un papel transversal nos currículums educativos, co obxectivo de orientar as aprendizaxes a unha convivencia fraternal. Significa, en certo sentido, subordinar o coñecemento á construción de espazos e conductas democráticas (o cal non quere dicir en ningún caso sacrificar cientificidade e rigor, senón darlle un sentido específico). De nada serve formar grandes profesionais que non sexan bos cidadáns. O exemplo máis claro desta necesidade de orientar o coñecemento á vida en sociedade son os códigos deontolóxicos.

A saúde democrática, é dicir, unha sociedade que respecte e practique os trazos conceptuais que definen a democracia nun plano teórico, solo é posible coa consideración da dignidade humana como a maior virtude á que pode aspirar un grupo de humanos e, polo tanto, a prioridade principal que toda institución democrática debe valorar. En palabras de Dewey (2020, p. 298) "poseer la virtud no significa haber cultivado unos cuantos rasgos determinados exclusivos: significa ser plena y adecuadamente lo que es capaz de llegar a ser mediante la asociación con los demás en todas las funciones de la vida".

# 2 A educación política: síntese e consolidación

## *2.1 Unha achega histórica á educación política: Diferenciando termos*

Para Rovira (2019) o concepto de EP articúlase xeralmente en duas dimensións diferentes pero complementarias: (1) a formación dunha conciencia cívica xeneralizada en todos os membros da sociedade para asumir a parte de responsabilidade no traballo a favor do ben común e a orden social e (2) a formación específica dirixada a quenes teñen funcións de dirección e goberno ou ocuparán tales funcións no futuro. En favor destas dimensións, o mesmo autor identifica como fins últimos da EP os seguintes aspectos:

- Conseguir o mellor goberno posible.
- Conseguir unha boa calidade das institucións de goberno.
- Sentar as bases dunha cidade ideal donde os individuos poidan desenvolver ao máximo as suas virtudes potenciales.

Ao seu respecto, pódense plantexar diversas cuestións que ilustran a complexidade que tiñe todo o relacionado con EP. ¿Que criterios determinan cal é o mellor goberno posible?¿Que criterios determinan a calidade das institucións de goberno?¿Cal é a cidade ideal?¿Que virtudes favorecen a esta cidade ideal e que vicios a corrompen?

Os primeiros filósofos políticos apuntaban que a resposta a todas as cuestións que se puideran plantexar sobre as fórmulas de goberno adecuadas se atopan no coñecemento. Posuir coñecemento era sinónimo de *saber que* e *saber como* facer en cada momento do goberno das cidades. É a través de Platón, Jenofonte, Isócrates, Aristóteles e, tres siglos despois, Plutarco de Queronea de quen recibimos as primeiras nocións de EP, no seu afán por debuxar a sociedade ideal. É ata tal punto a influencia destos autores nas teorías políticas e educativas actuais que moitos pensadores contemporáneos consideran que

> "podemos sentirnos casi humillados en este campo por la superioridad intelectual y ética de los clásicos greco-romanos (…). Sorpende que incluso en la temática más propiamente filosófica, parece como si todos los tópicos actuales ya fueron planteados desde el arranque mismo del pensamiento occidental, al menos germinalmente". (Rovira, 2019, p. 178)

Pero si analizamos a EP dende un punto de vista puramente pedagóxico, debemos atender a seis correntes fundamentais que interpelan, a pesar de constituir conceptos diferenciados, directa ou indirectamente a EP recollidos no *Anexo 23*.

Todas e cada unha destas perspectivas articulan unha serie de teorías educativas das que se poden sacar conclusións importantes para a EP, chegando a ser incluso perspectivas paradigmáticas da mesma. O seu estudo detallado é fundamental á hora de concretar en intervencións pedagóxicas os supostos que se establezan para unha EP que teña como fin a mellora da democracia a través da reducción e eliminación dos discursos de odio.

É fundamental que diferenciemos tamén a EP de termos relacionados con ela por interpelar procesos analóxicos, pero que se distinguen epistemolóxica e procedimentalmente. ¿Educación ou socialización política? A socialización política conformaría todas as actitudes políticas e as diferentes formas de entender políticamente o mundo. A EP, pola súa parte, aínda que é un proceso de socialización política, nace da reflexión pedagóxica dos valores democráticos e pretende sistematizar dita reflexión que necesariamente deberá conlevar a unha práctica educativa (Bustamante, 2021).

Outras concepcións pedagóxicas como a educación para a cidadanía, a educación en valores, a educación moral, a educación democrática ou a educación para o desenvolvemento sostible tamén gardan unha estreita relación co concepto que aquí pretendemos delimitar. A operativización dunha EP sustentada no rigor pedagóxico esixe comprender a dependencia ontolóxica que estas concepcións detallan sobre a condición humana. Implica, polo tanto, incorporar nocións e ideas propias das diferentes teorías educativas que se relacionan cos obxectivos e fins da EP á vez que é necesario sinalar liñas de corte entre todas elas (Luque, 2021). Non é baladí que se especifique que o concepto de educación que aquí se defende vai necesariamente unido ao de democracia. A este aspecto parece oportuno preguntarse en que medida a EP que aquí se delimita é aplicable en rexións non democráticas e sobre un posible uso desleal do concepto para servir a procesos de manipulación e adoctrinamento.

Finalmente, é importante remarcar o papel que xogan determinadas dinámicas sociais asociadas a minorías e grupos marxinalizados na comprensión da EP de forma efectiva. Servíndonos de exemplo do caso da identidade sexual, a sensibilización coas persoas que se enmarcan dentro do colectivo LGBT+ é solo posible cando se asinten os principios democráticos de "recoñecemento" e "non opresión" da alteridade, especialmente daquela que é máis vulnerable (Luque, 2021). Esta relación poderiase extrapolar a todas as manifestacións da diversidade en función do nivel socioecnómico, a etnia, o xénero, a nacionalidade, etc. Unha educación baseada no coñecemento das mencionadas realidades lograría a formación de lecturas do mundo máis comprensivas así como a potencial prevención de hipotéticas situacións discriminatorias. En palabras de Dewey (2020, p.90) "no basta procurar que la

educación no se emplee activamente como un instumento para facilitar la explotación de una clase por la otra. Deben ofrecerse facilidades escolares de tal amplitud y eficacia que, de hecho y no simplemente de nombre, supriman los efectos de las desigualdades económicas y aseguren a todos los sectores de la nación una igualdad de condiciones para sus carreras futuras".

No seguinte apartado deste traballo detallarase que implica EP hoxe en día.

## *2. 2 A educación política na sociedade contemporánea: Desafíos e alicerces*

Segundo Santisteban (2004), para falar de EP hoxe en día non é suficiente con apelar a axiomas filosóficos nin recurrir a teorías educativas que interpelan a formación política de xeito transversal. Para que esta sexa considerada como unha proposta firme e con validez no ámbito académico, é preciso que se concreten aspectos tales como cales son os cambios sociais que determinan as necesidades nas que se fundamenta, as problemáticas que constitúen retos aos que debe dar resposta, os contidos que constrúen o seu corpus teórico e os metodos/técnicas idóneas que guiarán como debe ser a súa posta en práctica. Seguindo a este mesmo autor, podemos ampliar os mencionados elementos da seguinte forma:

1. Cambios sociais:

- Globalización:
  Condición característica da sociedade actual nos ámbitos económico, político, tecnolóxico, informacional e comunicacional que sofren unha apertura mundial das súas dinámicas internas establecendo un proceso de constante interacción e dependencia. Xenera tensións entre o local e o global, entre o "eu/nos" e os "outros".
- A rentabilidade e a competitividade: A sociedade neoliberal post-industrial establece como criterio descriptor da calidade a eficacia e os resultados inmediatos e provoca que toda iniciativa deba ser validada en termos de competividade e rentabilidade.
- Relativismo e diversidade: As verdades absolutas deixaron de existir. Esto conleva inevitablemente a unha apertura ao coñecemento pero tamén a unha indefinición da realidade.
- Transformación das relacións humanas: Esta transformación é fruto da época de cambios constantes que caracteriza o presente. As novas concepcións da familia, as novas personalidades e a reconceptualización das expectativas sociais conxugan o núcleo da transformación das relacións intra e interpersoais.

- Avances tecnocientíficos: O progreso do coñecemento e o fortalecemento da investigación é un dos factores que marcan a nosa época. As redes sociais, as telecomunicacións, os móbiles e, máis recentemente, as intelixencias artificiais, condicionan o presente e o mesmo farán de cara o futuro. Á súa vez, os avances tecnocientíficos producen unha remodelación nas concepcións do tempo e o espazo.
- Incertidume ante o futuro: É a consecuencia dos cambios ata aquí enumerados. A falta de control fruto das modificacións sociais na vida das persoas provocan que a idea sobre un mañan esperanzador non sexa común.

2. Retos:

- Desconfianza social: Existe un forte recelo social de cara á EP debido ao seu mal uso mediático sumado aos prexuízos de cara a política que provocan unha confusión entre educación e adoctrinamento ideolóxico.
- Propaganda política: En relación ao anterior punto, é unha realidade que a EP pode ser empregada con fins partidistas e ideolóxicos, como sucedeu en moitos reximenes totalitarios. A EP debe estar fundamentada no coñecemento pedagóxico e a determinación dos seus rasgos distintivos deben basearse nas decisión técnicas e non nas políticas (entendido en este caso como decisións partidistas). A formación política debe artellarse dende un marco ideolóxico concreto, pero o fin da mesma debe ser algo máis que ideolóxico.
- Tradición relixiosa: Certas concepcións teolóxicas rechazan o dinamismo social en canto a reconstrucción de determinados valores éticos a través do diálogo e o consenso.
- Nacionalismos: Existen correntes dentro dos propios movementos nacionalistas que pretenden instaurar as súas consignas na sociedade a través do adoctrinamento.
- Neoliberalismo: Os valores democráticos e os valores neoliberais adoitan entrar en contradiccións que fan que o artellamento de proxectos e programas educativos coherentes se dificulte.

3. Contidos:

- Autocoñecemento: A capacidade reguladora das propias actuacións e fundamental na configuración do suxeito político demócrata.
- Liberdade e participación: Os educandos deben comprender o que implican liberdade e participación en chave política.

- Solidaridade: Esta calidade é imprescindible nunha sociedade democrática e na sociedade civil.
- Resolución de problemas sociais: Democracia é sinónimo dunha comunidade que busca progresar. Para que o progreso sea factible a cidadanía debe contar coas disposicións necesarias para resolver as problemáticas que se lle presenten, individual e colectivamente.
- Prexuizos e xuizos: Un dos contidos cardinais compre que sea a deconstrucción dos prexuízos máis comúns.
- Organización social: Comprender as xerarquías e o poder e como se relacionan con conceptos como liberdade, igualdade ou xustiza.
- Perspectiva histórica: coñecer os antecedentes históricos da democracia para comprender o presente e construír o futuro.

4. Métodos/ técnicas:

- Comunicación e diálogo cos iguais e cos diferentes.
- Racionalidade.
- Pensamento crítico-creativo.
- Conflicto como elemento para o progreso do coñecemento.

Finalmente, non é baladí ter en conta o que menciona Entwistle (1980) sobre que entre as finalidades da EP non solo se encontra a da formación de persoas para a práctica política, é dicir, unha formación política profesional. A EP constitúe un aspecto básico da educación xeral e ten como obxectivo a adquisición dunha cultura política que permita á persoa ler o mundo baixo a lóxica do funcionamento político. Esta capacitación daría lugar a un proceso de concienciación política, dotando á persoa das farramentas necesarias para entender as relacións humanas en clave política e, polo tanto, unha comprensión máis profunda da realidade.

### *2.3 O pensamento crítico como base de construcción do coñecemento*

Na vida cotidiá o ser humano, especialmente nun sentido educativo, debe ter en conta a importancia que xoga o pensemento crítico na maioría de procesos formativos, incluso naqueles que constitúen un aprendizaxe máis mecánico e secuencial. Ao longo da formación das persoas, repítese en numerosas ocasións a necesidade de manter unha actitude reflexiva

e crítica sobre a información que recibimos. Pero, ¿que é o pensamento crítico? Hooks (2022) sinala que o incentivo do pensamento crítico é o deseo por coñecer, por comprender como funciona a vida, adquirido de xeito natural.

Se o pensamento crítico é a tendencia humana ao coñecemento, ¿que diferencia pensar de pensar críticamente? Para responder a esta cuestión podemos recurrir a Dewey (2007) quen a través do concepto de pensamento reflexivo (o cal se podería considerar como unha subcategoría do pensamento crítico) nos amosa unha serie de factores que explican por que pensar e pensar críticamente non son o mesmo. Así pois, existen unha serie de procesos cognitivos inconscientes, automáticos e non regulados que se asocian co pensar: as creenzas, os soños, os ensimismamentos, etc. Pero existe outra forma de pensar que se realiza de xeito consciente, intencional e con un obxectivo determinado.

Neste intento de facer ao individuo dono do seu propio pensamento, é dicir, que sexa consciente do proceso cognitivo que experimenta e o someta a un análisis lógico e razonable, coincide a literatura en apostar polo que Paulo Freire consideraba unha pedagoxía da pregunta. A través da formulación de preguntas preténdese comprender o incomprendido; formar unha idea propia sobre un determinado tema para poder afirmar, aínda que de maneira superficial ou básica, que algo se coñece. Significa transitar de un modelo educativo utilitarista que potencia a formación profesional a través da absorción e da mecanización de información e procesos cara un modelo educativo máis íntegro que contemple máis aspectos da dimensión humana a través da reflexión e a introspección (Dewey, 2007; Freire, 2013; Postman & Weingartner, 1973).

Hooks (2022) sinala como un aspecto importante para o progreso do pensamento crítico que as voces daquelas persoas que se atopan nas aforas da escala social humana comecen escoitarse para combatir o relato único da cultura hexemónica. Non só a través da verbalización das súas necesidades, senón a través de novelas, artigos científicos e, en xeral, de promoción de maneiras minoritarias de entender e interpretar o mundo. O pensamento crítico sempre será unha ferramenta de emancipación para aqueles que sofren de maneira máis salvaxe as consecuencias das inxustizas.

O pensamento crítico é un dos principais indicadores dunha boa educación. Algúns, como Freire (2013), incluso afirman que o pensamento crítico é unha das maiores expresións de humanidade que poden apreciarse. En palabras del "la existencia humana está, por que se hizo preguntando, en la raíz de la transformación del mundo. Existe una radicalidad en la existencia, que es la radicalidad del acto de preguntar (...) De modo radical, la existencia humana implica asombro y pregunta, riesgo y existencia. Y por eso mismo supone acción, transformación" (p.76).

Que supón o pensamento crítico en relación co obxecto deste traballo? Cuestionarse as propias crenzas é fundamental de cara a desconstruir determinadas conductas pouco aptas para unha convivencia sana basea en principios de liberdade e respeto mutuos. Esta idea recóllese á excelencia nas palabras de Postman & Weingartner (1973, p. 11):

> "Creemos que las escuelas deben ser el principal instrumento para desarrollar en los jóvenes actitudes y técnicas de crítica social, política y cultural. es corriente creer que los individuos de las otras tribus son víctimas de falsas enseñanzas de las que la nuestra se ha librado. Nuestro modo de ver las cosas nos parece "natural" y nos extraña que otras gentes sean capaces de persistir maliciosamente en creencias absurdas".

## 3 Os discursos de odio: previr desde a pedagoxía

### *3.1 Orixe, evolución e tipificación do concepto*

A popularización do termo discursos de odio, procedente do mundo anglo como "hate speech" ten unha orixe simultánea ao proceso de redacción da Declaración Universal dos Dereitos Humanos en 1948 con todos os debates e reflexións que se xeraron, a pesar de que non se mencionen na súa redacción literalmente. Non se pode desvincular a evolución que sofre o concepto do análise de grandes atrocidades na historia humana, como pode ser o escravismo en Estados Unidos, o holocausto nazi, o xenocidio do pobo Tutsi ou as máis recentes actuacións de apartheid, terrorismo e sionismo no conflito israelí-palestino nas cales se producen unha serie de dinámicas mediadas polo odio e a violencia irracional entre as cales se sitúan este tipo de discursos (Díaz, 2015).

Discurso de odio, delito de odio e discriminación non deben ser confundidos. Estes tres conceptos, aínda que relacionados, encóntranse diferenciados tanto a nivel epistemolóxico como a nivel xurídico e legal. Os discursos de odio constitúen unha das posibles manifestacións dos delitos de odio na súa forma expresivo-comunicativa, sendo habitualmente un dos primeiros pasos na escalada da expresión violenta do odio (da violencia verbal á violencia física). A discriminación, pola súa parte, trátase dun proceso máis habitual e amplo que non necesariamente debe estar mediado polo odio. A realidade é que calquera persoa pode sufrir discriminación, incluso aqueles que pertencen a estamentos privilexiados da sociedade. En certo sentido, os conceptos de delito e discurso de odio aparecen para dar forma á discriminación realizada a grupos vulnerables, é dicir, son unha forma de discriminación dirixida, estigmatizadora e denigrante (Blanco, 2023).

O Tribunal Constitucional define os discursos de odio como "una forma de expresión de ideas, pensamientos u opiniones que no cabe incluir dentro de la cobertura otorgada por el derecho

a la libertad de expresión" mentras que o Tribunal Supremo o define como unha inclinación ilícita "en el exterminio del distinto, en la intolerancia más absoluta, en la pérdida del pluralismo político y, en definitiva, en generar un terror colectivo que sea el medio con el que conseguir esas finalidades (Valiente, 2018, p.15). Waldron (2012), pola súa parte, afirma que todo discurso de odio ten como fin último deteriorar a dignidade das persoas a quen vai dirixidas, presentándoas como seres humanos de segunda, peores e inferiores.

Marciel (2022) sinala que existen tres trazos fundamentais para que poidamos considerar que unha expresión difunde e promove o odio:

- Estar dirixido cara un grupo específico e facilmente identificable polos demais por características moralmente irrelevantes: orientación sexual, trazos físicos, relixión, nacionalidade, etnia, etc.

- As ideas que subxacen a unha expresión concreta estigmatizan, denigran e devalúan ao grupo ao que se dirixe o acto de odio asignándolle cualidades consideradas como indesexables.

- Por ditas cualidades indesexables os grupos vítimas de discursos de odio son etiquetados como sectores desleais á sociedade, unha ameaza para a súa estabilidade e, polo tanto, merecedores dunha conducta ameazante por parte dos demais.

Para dimensionar de forma efectiva os tipos de discurso de odio tráese a colación dúas clasificacións que xiran ao redor de dous eixos nucleares (Blanco, 2023; Miró, 2016):

- Orientación do discurso.

1.Dano físico: Aqueles mensaxes dirixidos a grupos co obxectivo de ameazar, incitar e enaltecer a violencia cara eles a través da ameaza e a provocación

2.Dano moral: Toda comunicación que pretende causar ataques á honra e digndidade de grupos específicos a través da humillación, burla, expresións de mal gusto (conspiranoicas, irónicas, "coloquiais", etc.) e a incitación á discriminación. Este formato de discurso de odio pode ter unha orientación tanto individual como colectiva (dirixida a un grupo discriminado ou a un membro específico dese grupo).

- Grupo ao que se dirixe.

As clasificacións que se realizan tendo como obxecto ó grupo ao que se dirixen nacen da recompilación de datos de estudos que analizan especificamente a relación destas dinámicas

con grupos concretos. De xeito xeral, adoitan diferenciarse os discursos de odio por razón de racismo e xenofobia, xénero e diversidade sexual e intolerancia política. Máis concretamente, diferéncianse delitos de odio en once ámbitos: Antixitanismo, Antisemitismo, Aporofobia, Islamofobia, Capacitismo, Edadismo, Discriminación por razón de enfermidade, Discriminación por razón de sexo/xénero, Ideoloxía, Orientación sexual e identidade de xénero e Racismo/Xenofobia.

Para rematar, é importante enfatizar como Internet provocou un aumento da propagación dos discursos de odio e como isto ten un impacto significativo no día a día das persoas e grupos vulnerables (Brune et al., 2022). O anonimato característico da web, a invisibilidade das consecuencias negativas dos discursos de odio, o "escaparate" mediático e a instantaneidade da comunicación explican de forma breve o motivo deste aumento. Estos factores plantean un debate interesante sobre cales son os límites da liberdade de expresión e cales son os puntos nos cales a opinión remata e comeza a agresión, así como as posibles consecuencias que poden ter a normalización destas mensaxes que cada vez se atopan máis masificadas. Odio e prexuízo atópanse estreitamente relacionados e as redes sociais son coñecidas pola cantidade de "fake news" e bulos que difunden (Blanco, 2023). A casuística que aquí se ven definindo pódese exemplificar de xeito xenuíno se se presta atención ao tratamento mediático do conflicto isrealí-palestino ou do ruso-ucraniano (difusión de vídeos falsos para xustificar accións militares, xustificacións de crimes de guerra, posturas abertamente islamófobas ou antisemitas, xeneralizacións extremas do tipo ucraniano-nazi/ruso-comunista, etc.).

### *3.2 Os discursos de odio no marco lexislativo*

Para plasmar unha visión xeneralizada dos discursos de odio no marco lexislativo español cabe dicir que solo as expresións máis graves dos mesmos constitúen un acto ilegal. Esto non significa que todo o entramado menos visible (por non estar recollido como acto punible na Lei) non sexa perxudicial para a sociedade democrática. Neste senso, distínguense tres tipos de expresións de discurso de odio: as que constitúen un delito penal, as non punibles penalmente pero que poden chegar a xustificar unha acción civil ou administrativa e as que non dan lugar a unha sanción penal, civil ou administrativa pero que constitúen fraquezas en termos de civismo, tolerancia e respeto (Blanco, 2023).

A este aspecto debemos sumar que na lexislación emprégase o termo de "delitos de odio" con moita máis frecuencia que o de "discurso de odio"; non existe lexislación dedicada especificamente a estes últimos. Con todo, existen diversos documentos que recollen información acerca do "discurso de odio ilegal" como o *Protocolo para combatir el discurso de odio ilegal en linea* (Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones, 2021). Segundo este documento, a pesar de non ser mencionados textualmente, refírense a discursos de odio

os artigos 510 do Código Penal, 23.1 da Lei contra a violencia, o racismo a xenofobia e a intolerancia no deporte; a Decisión Marco relativa á loita contra determinadas formas e manifestacións de racismo e xenofobia; a Recomendación R (97) 20 do Comité de Ministros do Consello de Europa; a Recomendación Xeral N 15 da ECRI de 2016 e a Recomendación Xeral N 35 sobre combatir o discurso de odio racista do Comité para a Eliminación da Discriminación Racial de Nacións Unidas (Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones, 2021; Blanco, 2023).

O certo é que debido á complexa natureza dos discursos de odio e á gran dificultade para delimitalos conceptualmente a tarefa de elaborar unha lexislación firme complícase. O dilema, xa mencionado anteriormente, que existe entre discurso de odio e liberdade de expresión ten un impacto a nivel lexislativo nos seguintes aspectos: limitación para establecer leis que protexan a todos os grupos vulnerables, a tensión sobre expresións que satirizan e cuestionan determinadas crenzas relixiosas e poden chegar a ser unha ofensa para os seus adeptos, o risco dunha utilización coercitiva por parte das autoridades desta tipoloxía de normativa para silenciar as voces disidentes baixo o seu sinalamento como "discurso de odio" e a falta de responsabilidade e implicación por parte de plataformas e empresas de comunicación virtual (Izquierdo, 2023).

A consecuencia de esta inoperatividade por parte dos organismos lexisladores nacionais e supranacionais é a desprotección dos grupos que son obxecto deste tipo de discursos. A pesar do público posicionamento tanto por parte da maioría de estados democráticos así como de grandes empresas da comunicación como Facebook, Microsoft, Twitter ou Youtube o baleiro lexislativo provoca que estas prácticas prevalezan e se difundan (Blanco, 2023). O ciclo de odio existente nas redes desperta antigas posturas reaccionarias que se crían esquecidas por contar agora co respaldo social que antano non tiñan e estas transfórmanse en propostas políticas firmes que atentan contra os valores da democracia e mesmo contra os Dereitos Humanos.

### *3.3 Os discursos de odio nos contextos educativos. Entendendo a problemática*

A diversidade é un trazo descritivo da nosa sociedade. Independentemente da xestión política que se faga da diversidade, a propia natureza humana é diversa (Arendt, 2020). Tradicionalmente clasificamos a diversidade a través dos diferentes grupos sociais que existen: xénero, sexo, expresión fenotípica (persoas altas, baixas, rubias, morenas …), condición socioeconómica, etnia, nacionalidade, familia, cultura, relixión, ideoloxía, personalidade, oficio, intereses, afeccións en un largo etcétera de variables que fan que non existan dous seres humanos iguais. Non obstante, son tamén moitas as cousas que os seres

humanos teñen en común. Esas cousas en común son as que unen aos individuos que constitúen os distintos grupos sociais. Existen, polo tanto, unha serie de elementos distintivos nos cales se identifican un conxunto determinado de individuos e unha serie de significados compartidos que crean afinidade, que xeran actitudes similares e potencialmente complementarias cara un mesmo obxecto.

Ante o mencionado, poderíase formular a seguinte pregunta. ¿Existen seres humanos que non posúan ningún aspecto que os una? A realidade é que, de igual xeito que non existen dous seres humanos iguais, tampouco existen dous seres humanos cuxos intereses e características particulares non coincidan en algún punto. Parece axiomático, entón, dicir que todo ser humano – salvando excepcións patolóxicas- busca a supervivencia e evita o perigo da morte. O ser humano nace coa característica innata de buscar estenderse no tempo, perdurar na memoria. Os primeiros homínidos agrupábanse en familias por que era sinónimo de protección e supervivencia. Estas familias fóronse convertido en pequenas comunidades nómadas e estas comunidades, froito dos avances que a vida en comunidade aporta, en pequenas poboacións agrícola-gandeiras primeiro e en grandes cidades despois.

En comparación coa actualidade, as relacións interpersoais que se producían eran sinxelas de comprender. As condicións de vida dunha gran maioría eran definidas en gran parte por unha autoridade (individual ou colectiva) que acumulaba poder: o emperador romano, os cidadáns – ese número reducido de cidadáns- en Atenas, a dioceses cristiá, as familias reais, os nobres feudais, os gobernantes, os ditadores… Os problemas cos "outros" eran solucionados a través de conflitos a miúdo violentos que conlevaban perdas materiais ou humanas: trifulcas, revoltas, revolucións, guerrillas, guerras civís, guerras mundiais... Agora ben, se pretendésemos describir estas características no mundo globalizado e tecnolóxico actual, ¿Quen son as autoridades que teñen o poder?¿Quen é o "nos" e quen son os "outros"? A instantaneidade no acceso á información provoca unha homoxeneización da sociedade e unha relativización dos grupos sociais e mesmo das identidades individuais que as conforman- aínda que tamén exista unha tendencia reaccionaria contra este proceso homoxeinizador que non é máis que un sistema en transformación buscando manterse-. Se antes os motivos para odiar se limitaban na maioría de casos a conflitos territoriais, por recursos ou calquera outro aspecto que se crera que ameazaba a supervivencia do grupo ou o individuo. ¿Cales son os motivos para odiar na era do coñecemento, tendo acceso ilimitado a información que nos permite dar solucións obxectivas aos problemas de antano? E máis pertinente para o caso, ¿Que implicacións teñen estes interrogantes nos contextos educativos?¿Están presentes os discursos de odio nos contextos educativos?¿Si é así, por que?¿Existen conflitos territoriais, por recursos ou vese a supervivencia dos alumnos ameazadas nas aulas?

A escola é un reflexo da sociedade. Nunha sociedade que está polarizada, que non é capaz de "sentarse" a falar co diferente e chegar a acordos de mutuo beneficio e que se guía pola calumnia, a desinformación, o prexuízo e o odio, a escola está condenada a reproducilo. A globalización ten consecuencias aparentemente contradictorias. A tendencia homoxeinizadora que ten, non é excluínte dun proceso paralelo heteroxeneizador, pois os grupos difumínanse e o individualismo triunfa. Dende unha visión occidental, xa non é o grupo o que demanda unha serie de condicións de vida, é cada individuo o que aspira a un nivel social e económico que non é precisamente sinxelo de conseguir.

Esta breve reflexión é necesaria posto que a literatura que trata de abordar os discursos de odio no ámbito educativo, especialmente nas escolas, non encontran un consenso sobre as motivación e os factores que inflúen en que os adolescentes formen parte destas prácticas (Wachs et. al, 2022; Hernández & Pino, 2022; Izquierdo, 2020). Máis ben a literatura oriéntase a encontrar cales son as posibles estratexias pedagóxicas para reverter tal preocupante situación. ¿Como é posible plantexar solucións a un problema do cal non se coñece con certeza cal é o orixe?¿Cales son os ámbitos sobre os cales intervir?

Algúns dos intentos que se levaron a cabo para delucidar os motivos polos cales os adolescente resultan en comparalos cos motivos que están detrás de conductas violentas: sadismo, vinganza, poder, ideoloxía e violencia práctica (Pinker, 2011). Outras perspectivas apuntan a que a necesidade de pertenza a un grupo social conleva a asumir unhas prácticas e patróns de conducta concretos, incluso si esto implica un comportamento discriminatorio (Allport, 1954). O número de estudos realizados é insuficiente, polo que estes argumentos non teñen a fiabilidade suficiente como para considerar válidos, ademais de presentar incoherencias técnicas na propia investigación (investigacións cualitativas nas cales non se traballa con ningún dos perpetuadores destes discursos. Este é un dos retos na materia da que vimos falando de cara á investigación no futuro (Wachs et. al 2022).

Como mencionaba anteriormente, na escola adóitase reproducir as mesmas dinámicas que ocorren na sociedade. Así o reflexa a seguinte táboa aportada no Boletín de monotorización del discurso de odio en redes sociais:

**Figura 2**

*Discursos de odio máis frecuentes en función de etnia e relixión*




*Nota* Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones (2021)

Pódese apreciar como claramente a tipoloxía de discursos de odio que recollíamos no apartado 3.1 se reflexan nesta táboa.

A pesar da falta de artigos científicos que o constaten o traballo realizado por Wachs et. al (2022) parece clarexar a cuestión asociando a perpetuación dos discursos de odio a unha aprendizaxe social por observación. Os adolescentes, na súa maioría con acceso a Internet e a redes sociais, teñen acceso  a moitas mensaxes de odio que poden chegar a normalizar e que posteriormente porian en práctica. Deste xeito estamos ante unha globalización dunha intolerancia que se constrúe dende o etnocentrismo e a mitificación do propio e a deshumanización daqueles que pertencen aos grupos culturalmente excluídos (Rebolledo & Rodríguez, 2022).

Ante esta realidade, ¿Que destino espera ás nosas escolas de cara o futuro?¿Non deben ser os espazos educativos lugares seguros, especialmente, para aquelas persoas en risco de exclusión social? E se o futuro da educación é o descrito, ¿Cal é o futuro da nosa sociedade?¿Debemos transformar a sociedade para poder transformar o sistema educativo ou é preciso transformar a sociedade por medio do sistema educativo?¿Que pode aporta a pedagoxía a esta cuestión?

### 3.  4 A educación política como prevención dos discursos de odio

Neste apartado final conflúen todos os conceptos dos que ata aquí falamos en forma da pregunta de investigación principal que ten este traballo. ¿Pode a EP tal e como aquí se define

contribuír na prevención dos discursos de odio?¿Cales son as posibles estratexias nas cales a EP pode concretarse?

A información recompilada ata o momento parece suficiente para afirmar que, polo menos, existe unha certa relación entre política, educación e discursos de odio. Se asociábamos a aparición do termo de "hate speech" á aparición da Declaración Universal dos Dereitos Humanos parece indiscutible que, igual que a propia Declaración, o termo atópase rodeado dunha intención preventiva moi grande (Díaz, 2015). Solo é preciso triangular o acontecido no holocausto nazi, na época do escravismo en Estados Unidos ou no conflito isrealí-palestino para ser conscientes de que o odio expresado a través de discursos é un dos primeiros pasos na escalada da violencia cara as atrocidades máis inmorais que a historia da humanidade coñece. O seguinte gráfico resulta revelador.

**Figura 3**

*Pirámide de odio*




*Nota* Izquierdo (2023)

Semella evidente, entón, que os discurso de odio parecen ser o primeiro ou un dos primeiros pasos dun proceso complexo e de crecemento exponencial de odio e violencia. Son, polo tanto, un obxecto de estudo adecuado para intentar previr situacións de discriminación mediadas polo odio. ¿Cal é a mellor ferramenta de prevención que coñece a humanidade?

No apartado 3.2 xa vimos a dificultade que lexislar sobre os discursos de odio implica debido á necesaria intromisión no dereito de liberdade de expresión. Isto pode indicar que quizais a mellor ferramenta da que dispoñemos é a educación.

De igual xeito que para adaptarnos á nova realidade que marcou a Covid-19 se crearon incontables iniciativas para educar á sociedade para vivir nunhas condición excepcionais, de igual forma que desde a escola se pretende promover un saúde e hixiene persoal e unha ampla gama de obxectivos educativos e socialmente desexables, é preciso que se faga o mesmo na xestión dos discursos de odio. Sabido isto, ¿Por que EP? Poderíamos optar por unha educación intercultural que axude a diminuír os discursos de odio con razón xenófoba/racista, unha educación feminista para reducir os discursos de odio con razón sexista ou unha educación inclusiva para previr os discursos de odio con razón capacitista.

Sen negar a utilidade que outros tipos de educación poden ter na erradicación deste tipo de dinámicas sociais, considérase que a EP é a ferramenta máis adecuada para intervir educativamente en este ámbito. De feito, tal e como esta plantexada a EP neste traballo é preciso recoñecer os tipos de educación mencionados no anterior parágrafo – e moitos outros- como unha posible expresión de EP. Ao fin e ao cabo todo acto educativo é político, polo que toda acción pedagóxica será, en maior ou menor medida, EP tamén.

Tal e como se menciona no apartado 2.3 deste traballo, é preciso que lle deamos un corpus teórico concreto a EP para que, complementándose con outras formas , poida concretarse en accións prácticas concretas (Santisteban, 2004). A veracidade dos argumentos recollidos nesta apartado ampliarase ou refutarase a través da revisión sistemática descrita na segunda parte do traballo.

## 4. A educación política e a xestión dos discursos de odio: Unha revisión sistemática

### *4.1 Introducción*

A relevancia da revisión da literatura relacionada coa educación política e os discursos de odio enfatízase se temos en conta as condicións nas que se producen estes últimos e as características das sociedades actuais (ambos aspectos explicitados no marco teórico). Os cambios producidos a finais do século XX e no século XXI nos diferentes núcleos poboacionais do planeta fai que determinados segmentos sociais sexan potenciais obxectivos dos discursos de odio.

Ante esta nova realidade é preciso que dende o ámbito da educación como disciplina científica se fagan os esforzos pertinentes por responder ás novas realidades e aos novos retos que a actualidade esixe. Foron moitas os paradigmas pedagóxicos propostos ata o momento como

posible resposta ao odio e á violencia, pero parece que ningún deles acaba de solucionar o problema de raíz e ter a efectividade desexada.

É polos mencionados motivos polos que me fago a seguinte pregunta, ¿por que non educamos politicamente para superar u odio polas diferenzas? No imaxinario colectivo existe a creenza de que educación e política deben ser dous elementos que funcionan mellor por separado. Pero, é isto posible? Máis ben, é positivo para o sociedade?

O obxectivo do presente traballo é dar resposta a dúas preguntas claras que abran o camiño a unha profundización na investigación sobre a educación política: Para isto, e seguindo o indicado polo protocolo PRISMA plantexamos dúas preguntas de investigación (Page et al., 2021):

1. ¿É a EP unha dimensión pedagóxica axeitada para a erradicación dos discursos de odio? (Obxectivo xeral: Explorar si a EP é unha dimensión pedagóxica axeitada para a erradicación dos discursos do odio)
2. ¿É solo EP aquelo ao que denominamos como tal ou existen formas de EP baixo outros denominacións?

### *4.2 Metodoloxía*

Para tratar de acadar o obxectivo e  respostar estas preguntas realizaríase unha revisión sistemática seguindo a interpretación do Protocolo PRISMA que Sánchez-Serrano et al. (2022) e Page et al. (2021) definen como un conxunto de indicacións que axudan a autores/as de revisións sistemáticas a documentar o proceso de investigación e a facelo máis transparente.

Unha vez definido as preguntas de investigación, é preciso que as concretemos máis para poder facer unha revisión máis pertinente. Como se menciona no marco teórico do traballo, existen varios tipos de discurso de odio, polo que nos centraremos nun dos máis frecuentes: o racismo.

O seguinte paso sería elaborar unha ecuación de búsqueda axeitada para abarcar toda a literatura susceptible de revisión, pero que ao mesmo tempo sexa concreta e acotada ao obxectivo. O criterio seguido para a súa elección foi seguido en función dos resultados que a búsqueda amosaba. Inicialmente platexáronse diversas opcións que incluíran o concepto “educación política” para revisar só aqueles artigos que estableceran unha correlación directa. Pero os resultados que amosaban estas fórmulas non eran os suficientes como para realizar unha revisión seguindo os criterios que PRISMA establece. É por isto que finalmente se optou por diversificar a fórmula de búsqueda que resultou en:

(“educación” OR “pedagogía”) AND “política” AND (“racismo” OR “xenofobia”).

A elección dos xestores bibliográficos que empregar realizouse na medida en que estos respondían de maneira positiva á fórmula de búsqueda. Serían Dialnet, Redalyc e WOS os elixidos para a selección de traballos. Para a selección dos resultados a revisar elaboraríanse unha serie de criterios de elexibilidade que resultarían na súa inclusión ou exclusión.

Criterios de inclusión:

- Publicados en inglés ou español
- Publicados entre 2019-2024
- Que se mencione “educación” e “racismo” ou palabras do mesmo campo léxico (especialmente sinónimos) no título ou palabras clave
- Documentos de acceso libre

Criterios de exclusión:

- Traballos alleos á pedagoxía ou as Ciencias da Educación.
- Traballos que non teñan relación co obxecto de estudo do traballo.
- Traballos non avaliados ou de difusión.
- Traballos repetidos ou duplicados
- Extensión superior a 40 páxinas

O proceso seguiría a seguinte orde. Unha vez realizada a primeira procura seguindo a ecuación anteriormente indicada procederíase a un primeiro cribado a través dos criterios de inclusión. En función do funcionamento da páxina, sería a través dos filtros, da búsqueda avanzada ou manualmente como se aplicarían os criterios de inclusión. Unha vez seleccionados os artigos que seguen os criterios de inclusión realizarase un exame máis detallado dos mesmos para aplicar os criterios de exclusión. Os resultados do proceso quedan sintetizados nas seguintes táboas:

**Figura 4**

*Diagrama de fluxo proceso de selección de documentos*




Sendo “n” o número total de artigos seleccionados para facer a revisión final constátase que n=20 debido a que un dos artigos de Dialnet e Redalyc atopábase repetido.

Finalmente, cabe facer alusión ao instrumento elaborado para a recollida de información en función de cal se realizaría a análise e se sintetizaría os resultados. Para isto, empregouse unha táboa inspirada na incluída no artigo de Sánchez-Serrano et al. (2022) adaptada as necesidades da presente investigación. A táboa trata de recoller información e xerarquizala en función das seguintes variables (Ver Anexo 1):

Nos Anexos do traballo inclúese o desglose da información recollida de cada artigo (Ver dende Anexo 2 a Anexo 21).

### 4.3 Resultados e discusión

No presente apartado tratarase de dar resposta ás preguntas de investigación a través da interpretación dos resultados ademais de poñer a discusión unha serie de argumentos que poden sentar as bases de próximos estudos.

En primeiro lugar, encontro que o máis ilustrativo é como solo un 15% dos artigos revisados mencionan directa ou indirectamente a educación política tendo esta unha importancia relevante no estudo. A este dato atribúolle dúas posibles interpretacións: ou a literatura non identifica a EP como unha estratexia adecuada para a erradicación do racismo ou simplemente non existen estudos que o acrediten. O certo é que non existe fundamento para responder afirmativamente a que a EP é eficaz na erradicación dos discursos de odio.

Para acompañar esta reflexión, paréceme pertinente mencionar que a búsqueda do termo "educación política" individualmente arroxa 674 resultados nun xestor bibliográfico como Dialnet, a diferenza dos 4.095 que aparecen con "educación intercultural" e dos 6.387 con "educación inclusiva". Estos resultados reprodúcense en máis buscadores como *Google Scholar* ou WOS. Esto indica que inevitablemente existe moita menos literatura sobre a EP que outras dimensións pedagóxicas. ¿Pero que explicación pode ter isto?

Máis revelador é aínda se se atende a que en 17 de 20 artigos a presencia de EP ou sinónimos é nula. Non obstante, todos estes artigos foron identificados como que mínimo gardaban unha relación "media" coa EP. Non descarto que poidan existir erros de interpretación pola miña parte pero é indudable que gardan unha estreita relación coa política cando na fórmula de procura se inclúe tal palabra. Moitos destes artigos mencionan ao largo do texto a política e un 45 % deles coinciden con, polo menos, 3 ou máis dos criterios que neste traballo se establecen para conceptualizar a EP. A que se debe este fenómeno?

Unha das posibles explicacións que se lle poden dar relaciónoa con unha das reflexións que se inclúen, curiosamente, no único artigo que menciona literalmente a EP. O artigo de Robles (2019) menciona o contido do Consenso de Beutelsbach, un documento que pretendía regular a EP en Alemaña a través de 3 eixos que eran a prohibición do adoutrinamento, a necesidade de presentar os temas políticos controvertidos tal e como o son a ollos da sociedade (controvertidos) e unha necesaria orientación cara os intereses do educando. Parece evidente que detrás das propostas da EP existe unha forte cautela fronte a súa instrumentalización en beneficio dun determinado partido político ou algún outro lobbie. A tesis que sosteño é que debido á carga negativa atribuída ao concepto moitos investigadores optan por empregar outros termos como "Educación inclusiva", "Educación antirracista" ou "Educación intercultural", que son os que máis se repiten ao longo dos artigos.

En resumo, se nos ceñimos a unha interpretación lóxica dos datos, a resposta será que non se pode afirmar que a EP, según as evidencias na literatura pedagóxica, sea unha opción adecuada para a erradicación do racismo e a xenofobia. Pero profundicemos a nosa análise e deteñámonos naqueles artigos que si mencionan a EP ou expresións equivalentes. Os tres artigos coinciden en afirmar que a EP é crucial para frear movementos reaccionarios e

extremistas, especialmente do espectro da dereita. Parece, entón, que a utilización desta dimensión pedagóxica solo se valida cando nos enfrontamos a situacións que non permiten outra alternativa que posicionarse políticamente. Un recurso de emerxencia. É por iso que ningún demócrata cuestiona que ante a volta a Europa do neonazismo sexa preciso educar no entendemento e diálogo político ou que unha agresión homófoba, racista ou misóxina é sinónimo de que o sistema educativo (e a sociedade, en xeral) aínda é imperfecto (Robles, 2019; Molina, 2020; Díez Gutiérrez, 2022). Se a EP é útil cando as sociedades de polarizan, por que non o pode ser antes de que estean polarizadas? E sea a EP axuda a despolarizar (o cal implica esencialmente entender ao "outro") por que non existe literatura que o certifique?

Esta reflexión lévanos á segunda pregunta de investigación: É solo EP aquelo ao que denominamos como tal ou existen formas de EP baixo outros nomes? Dos 20 artigos revisados, tan só 1 é identificado na variable "Perspectiva Pedagóxica" como EP. Non obstante, todos eles son revisados xa que se considera que se aborda o problema do racismo de unha dimensión que coincide cos trazos definitorios da EP incluídos en este artigo. Podemos dicir que estas perspectivas englóbanse baixo o termo de EP como se de subtipos se tratase? Para isto é preciso que recurramos de novo á aclaración que Entwistle (1980) fai sobre a EP. Non solo será EP aquela acción pedagóxica destinada á preparación do educando para a práctica da política senón que entre as súas finalidades se atopa a de outorgar un coñecemento da cultura política: un aspecto de educación xeral mediante o cal o alumno comprende o mundo no que vive e interpreta o seu papel como cidadá cos seus correspondentes dereitos e deberes. Neste senso, podo afirmar que existe un axioma claro: existe relación epistemolóxica entre a EP e o resto de perspectivas coas que se traballa nos artigos revisados.

Persoalmente, interpreto que a EP pode tomar forma como concreción curricular a través de un conxunto de unidades didácticas destinadas a ensinar un coñecemento político específico, pero tamén pode entenderse como unha cuestión transversal. Toda proposta pedagóxica se planifica e se pon en marcha dende un marco político-ideolóxico concreto: os criterios que definen unha hipotética proposta pedagóxica son os que son por que existiu unha fase de deseño previa e por que se tomaron unha serie de decisións establecendo prioridades.

Finalmente cabe facer alusión á metodoloxía empregada para a realización dos estudos. Todos eles foron levados a cabo mediante unha metodoloxía de investigación cualitativa. Se ben é certo que no ámbito educativo é unha metodoloxía que goza do mesmo ou similar recoñecemento que as metodoloxías cuantitativas, faltan experiencias empíricas que validen as hipótesis da literatura. Creo que esta é unha das maiores oportunidades da EP. De conseguir deseñarse un estudo experimental baixo o nome da EP que gozase duns resultados

satisfactorios en termos educativos (neste caso reducir os discursos de odio) podería desligar a súa figura da instrumentalización política realizada por sociedades dictatoriais como a España franquista, a Alemaña nazi ou a Unión Soviética. Tamén é importante remarcar que os países nos cales se realizan este tipo de estudos adoitan ter algún conflito racial recoñecido históricamente como no caso dos Estados Unidos, Latinoamérica, Australia ou Alemaña (adoitan manter unha lóxica anticolonialista). Para consultar o resumo dos resultados *ver Anexo 24.*

## Conclusión

